

REUNION DO CTÉ. DO 3-1-86. - A esta reunión asistiron somente 4 persoas. Dado que estávamos convocados arredor de 20 e que á anterior asistimos 11, este dado debe valorar-se negativamente.

Orden do Día:

1) Campaña da CNOP para Xaneiro, Fevereiro e Marzo. - Aprovaron-se por unanimidade tanto o calendario de actividades como o presuposto. A xente interesada pode solicitar no Cté. as actas das últimas reunións da CNOP, onde veñen especificados estes asuntos.

2) Actividades do Cté. - Fíxo-se unha lista de actividades para tentar levar a cabo nos próximos meses. Esa lista, aberta ás suxerencias que se consideren oportunas, é:

- Distribución dos cartéis coas firmas. Xá están no Cté.
- Presentación da Unidade Didáctica (centros de ensino, A.Cultural...)
- Vídeo. No Instituto de Bacharelato pode ser sobre o 30 de Xaneiro.
- Recollida de firmas a 500Ps para publicar na imprensa.
- Comparsa no Entroido. O pasado ano supuxo mais de 4.000Ps.
- Exposición na A.C. de Artistas pola Paz, a beneficio do Comité
- Audiovisual.
- Charlas (Sindicatos, Msilo, Berres, FP, Instituto...)
- Caravana de coches o 4 de Fevereiro, martes (debate no Parlamento).
- Mostra de Fotografías Antigas da Estrada. Incluindo venda.

3) Finanzas do Comité. - Último saldo do 85:

Saldo anterior.....	807 Pts
Ingresos -aluguer do vídeo.....	200 Pts
Gastos -148 fotocópias.....	802 Pts*
-selos.....	48 "
<hr/>	
Total gastos:	850 Pts
-Saldo.....	157 Pts

*Fotocópias: "Que é o Comité Anti-OTAN da Estrada?".....	100
Informacións do Cté.....	39
Cartel anunciador do VIDEO na A.Cult.....	5
Notas de imprensa.....	4
	<hr/>

TOTAL: 148

Como se vé, existe un esforzo por manter informada a xente através de de follas como a presente, pero se ese esforzo non se converte en maior participación nas reunións e actividades, ese gasto de fotocópias non será mais que unha carga para o Comité.

Dentro do tema das finanzas tratou-se como conseguir cartos para o Cté. e a Coordinadora Nacional. Por unha parte, o Cté. xá sabedes que téñ unhas dívidas coa CNOP e pola outra, tamén sabedes que nestes próximos meses imos precisar moitos cartos. Este tema está sendo precisamente un dos nosos puntos fracos. Para solucionar este problema batallavan-se varias posibilidades: rifas, cuotas e campañas como a do Entroido. Descartou-se o das rifas por requere un esforzo que teríamos que restar das outras actividades programadas, por outro lado é un método que cansa moito a xente. Canto ao Entroido pensou-se que se podería repetir unha cousa parecida ao ano pasado. De todas as maneiras, dado que agora as necesidades son maiores quedou-se en pór en práctica novamente un sistema de cuotas. En concreto quedou-se en buscar un mínimo de 10 persoas que pudesen aportar 500 Ps mensuais durante Xaneiro, Fevereiro e Marzo. Isto sen descartar que a xente que non poda dar esa cantidade e si outra menor, tamén o faga. Por este meio poderíamos obter durante a Campaña un mínimo de 15.000 Ps (exclusivamente por este meio). Outra forma de obter aportacións económicas para o Movemento é a base de solicitudes a profesionais. Para iso existe un modelo de carta que se levará á próxima reunión.

Estado de contas 7-1-86

Saldo Anterior 85.....	157 Pts
Ingresos	
-10 pegatinas.....	250 Pts
-3meses de cotiz. ....	1500 "

PRÓXIMA REUNION DO COMITE:

Sábado, 11 ás 5 na A.Cultural.  
 Tratará-se todo o referente á Campaña  
 Atención a firmas, cuotas de 500 Ps, dívidas; ETC: